

### 3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

#### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Cal das seguintes frases mostra un uso correcto do pronome enclítico en galego?

- A) Dixo-me a verdade.
- B) Me dixo a verdade.
- C) Dixome a verdade.
- D) Díxome a verdade.

2. Cal das seguintes formas verbais do futuro de indicativo do verbo "falar" é a normativa en galego?

- A) falaréi
- B) falaré
- C) falarei
- D) falar-ei

3. A palabra "mel" é de xénero:

- A) masculino.
- B) feminino.
- C) neutro.
- D) ambiguo.

4. Cal das seguintes é a forma correcta de conxugar o presente de indicativo do verbo dar?

- A) Dou, das, da, damos, dades, dan.
- B) Dei, dás, da, demos, dades, dan.
- C) Dou, das, da, deamos, deades, dan.
- D) Dou, dás, dá, damos, dades, dan.

5. Cal das seguintes palabras é incorrecta en galego?

- A) Garavanzos.
- B) Alubias.
- C) Lentellas.
- D) Fabas.

6. Cal é a forma correcta en galego?

- A) Moi saborosas estaban aquelas anguías que pillaran a véspera no caneiro.
- B) Moi sabrosas estaban aquelas anguilas que pillaran a víspera no caneiro.
- C) Moi sabrosas estaban aquelas anguías que pillaran a véspera no caneiro.
- D) Moi saborosas estaban aquelas anguías que pillaran a víspera no caneiro.

7. Xa llo .... ti. O forno non está para bolos!

- A) advertes
- B) advirtes
- C) adviertes
- D) adevirtes

8. Cal das seguintes palabras esdrúxulas está escrita de forma incorrecta segundo as normas do galego?

- A) bádminton.
- B) bumerang.
- C) hábitat.
- D) magnífica.

9. Cal é a forma correcta do feminino do substantivo "león" en galego?

- A) leona.
- B) leonia.
- C) leoa.
- D) lionesa.

10. Segundo as normas do galego, a palabra "análise" é de xénero:

- A) masculino.
- B) feminino.
- C) neutro.
- D) ambiguo.

#### Preguntas de reserva

1. Debeu haber un accidente porque se oían as ... das ambulancias.

- A) sereas
- B) sireas
- C) sirenas
- D) serenas

2. Cal das seguintes expresións non é correcta en galego:

- A) Picouse nun pé coas gallas da galleta.
- B) Colle os platos e ponos na mesa.
- C) Na póla do castiñeiro hai un enxame de abellas.
- D) Sentouse no gallo da cerdeira e fartouse de apañar cereixas.